



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DE FOZ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As competencias municipais sobre as praias son contempladas tradicionalmente pola lexislación española, quedando sempre condicionadas ó particular réxime de distribución competencial entre as distintas esferas administrativas públicas e, en derradeiro termo, ás posibilidades materiais dos municipios costeiros para facer fronte ó desenrolo deses cometidos.

Xa a antiga Lei de costas de abril de 1969 atribuíu ó coñecemento local determinadas competencias, atribución que se traslada á actual Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e ó seu regulamento de desenrolo aprobado polo Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro.

Así, os artigos 115 da Lei e 208 do seu Regulamento, contemplan as competencias xenéricas municipais tanto no referido ó informe respecto a procedementos de deslinde do dominio público marítimo-terrestre, e para reservas, adscricións, autorizacións e concesións de ocupación e aproveitamento do dominio público, como para a explotación dos servizos de tempada que puideran establecerse e o mantemento das praias competentes en materia de salvamento e seguridade das vidas humanas.

Está asentada a doutrina, xurisprudencial do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo (como exemplos sentencias TC77/1984, do 3 de xuño, e TS, do 4 de abril de 1990) en canto á relación inequívoca do dominio público marítimo-terrestre co termo municipal costeiro, e consecuentemente, á incardinación de función determinadas na esfera das atribucións locais, condicionada, en todo caso, á distribución legal de competencias que lle son propias tanto na esfera administrativa estatal como autonómica.

Sen prexuízo do establecido na lexislación especial en materia de costas citada anteriormente, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, xa contemplaba conforme á redacción orixinal do seu art. 25.2, competencias municipais relacionadas directamente como eran a seguridade en lugares públicos, a protección do medio ambiente, a protección da salubridade pública e as actividades ou instalación culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

Tras a recente modificación a través da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, a nomenclatura de competencias que poden relacionarse có uso e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre terán que entenderse referidas ó medio ambiente urbano: a xestión de residuos, as funcións de policía Local e protección civil, a actividade turística de interese e ámbito local, a promoción do deporte e a ocupación do tempo libre.

Título I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1 .- Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente ordenanza ten por obxecto regular as condicións xerais que deben de cumprir as praias en canto á dotación de infraestruturas e prestación de servizos; a regulación de usos das praias do termo municipal de FOZ, o mantemento de parámetros hixiénicos-sanitarios para garantir un óptimo estado de salubridade.

O mesmo tempo regula o exercicio das competencias que a Lei de costas asigna a este municipio, co fin de manter as praias nas mellores condicións hixiénicas e sanitarias, e regular a vixilancia emanada da Administración do Estado.

Así mesmo ten por obxectivo establecer as condicións xerais que teñen que cumprir as diferentes instalación presentes nas praias ou contornas máis inmediatas do municipio de Foz, así como regular as actividades que se realizan nas nosas praias e puntos de baño, a fin e efecto de protexer a saúde pública, garantir a convivencia, salvagardar o medio ambiente mariño e terrestre, e conseguir unha mellora da imaxe do noso litoral.

Artigo 2 .- Axentes da Autoridade.

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente ós que infrinxiran calquera das disposicións contidas na presente Ordenanza a fin de que cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador, cando proceda, ou no seu caso, se xire parte da denuncia á Administración competente.

Artigo 3 .- Equipo de Salvamento.

No concello de Foz, no exercicio das súas competencias, prestará na tempada de baño e nas praias que procedan, os servizos de vixilancia e salvamento de acordo coa normativa vixente. O servizo de Vixilancia e Salvamento estará constituído polo conxunto dos medios humanos e materiais, que possibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación, seguridade e protección e as funcións serán as seguintes:

- Garantir a primeira atención sanitaria.
- Colaboración na procura de persoas desaparecidas.
- A información sobre os recursos dispoñibles e estado do mar.
- Colaborar, nos medios humanos e materiais dispoñibles, na toma de baño ós discapacitados.
- Velar pola conservación das sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.
- Informar ós usuarios das embarcacións á motor e practicantes de deportes acuáticos, que deben efectuar ás súas entradas e saídas pola zonas sinalizadas ao efecto, estando prohibida a súa práctica nas zonas de baño e proximidades.
- Colaborar nas labores de información en prevención co fin de manter a zona destinada ó baño, despexada de obxectos que poidan presentar perigo ós bañistas.
- Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo e outras o aconselle.
- Velar pola conservación do medio ambiente.
- Evitar calquera clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios ou que este prohibida por esta ordenanza.
- Apertura dos baños públicos o iniciar a xornada e peche dos mesmos o rematar, naquelas praias que dispoñan deste servizo.
- Nas praias que contén coa distinción de “Q” de Calidade e ou Bandeiras Azuis, ou calquera outro distintivo ou galardón, vixiar o cumprimento dos requisitos esixidos.
- Dito equipo de salvamento tamén deberá cumprir con esta Ordenanza, debendo de comunicar ós Axentes da Autoridade, a comisión de actos prohibidos aportando os informes e realizando as actuacións, derivadas do exercicio das súas función e todo elo con estrito cumprimento, no seu caso da norma, instrución ou regulamento de funcionamento do servizo de salvamento nas praias do Concello de FOZ.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Título II: NORMAS DE USO CAPÍTULO 1: NORMAS XERAIS

Capítulo I. Normas xerais

Artigo 5.- Utilización de praias.

- 1.- O uso das praias será libre, pública e gratuíta para os usos común e acordes coa natureza daquelas, sempre que se realice de acordo coas leis, regulamentos correspondentes a cada actividade, así como a presente ordenanza.
- 2.- O paseo, a estancia e o baño na praia e no mar, teñen preferencia sobre calquera outro uso.
- 3.- As praias non serán de uso privativo, sen prexuízo do establecido na lexislación de costas e o seu regulamento sobre as reservas demaniais.
- 4.- As instalación que se permitan nas praias, ademais de cumprir có preceptuado no número 3 anterior, serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso.
- 5.- A realización de calquera tipo de actuación ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal no ámbito de aplicación da presente Ordenanza, deberá dispor da preceptiva autorización municipal.
- 6.- Requirirá autorización municipal previa, a realización de cursos de surf, windsurf, kitesurf, piragüismo, etc. En calquera caso deberá realizarse fora das zonas de baño, debendo ser previamente sinalizadas e conforme ó que dispón o efecto esta Ordenanza.

Capítulo II. Xogos e actividades

Artigo 6.- Xogos e Actividades.

- 1.- Queda prohibido nas zonas e augas de baño e durante a tempada de baño, tanto na área da praia como na auga do mar, a realización de actividades, xogos ou exercicios que poidan molestar ó resto de usuarios ou entrañen perigo.
- 2.- Naquelas praias onde as súas dimensións o permitan, e se dean as circunstancias apropiadas poderanse realizar as actividades prohibidas na presente ordenanza, sempre que se faga a unha distancia do resto dos usuarios tal que se eviten as molestias.
- 3.- Exceptúanse da prohibición contida no número 1 do presente artigo aquelas manifestacións de carácter deportivo ou lúdico organizadas polo Concello de FOZ, sen prexuízo de necesidade de autorización por parte de outras Administracións cando sexa preceptivo. As mesmas realizaranse en lugares debidamente sinalizados e balizados.
- 4.- Así mesmo, quedan exceptuadas de prohibición, as actividades deportivas e lúdicas que os usuarios poidan realizar nas zonas que con carácter permanente teñen dedicadas o concello á práctica de diversos deportes, xogos infantís, etc, que se recollerán nun plan de praias, e que estarán debidamente balizadas e serán visibles ó resto de usuarios. Esta excepción é exclusivamente ó uso normal e pacífico da zona de que se trate, en caso contrario, a actividade desenrolada entenderase contida na prohibición número 1 anterior.

Artigo 7.- Aparatos de radio, casetes, discos compactos, ou similares, instrumentos musicais.

Prohíbese a utilización na praia de aparatos reprodutores de música con altavoces, de forma que emitan sonidos que produzan molestias os demais usuarios segundo apreciación dos axentes encargados do cumprimento da presente Ordenanza ou do persoal de Salvamento.

Artigo 8 .- Embarcacións, motos acuáticas.

Nas zonas exclusivas de baño e perante a tempada de baño, estará prohibida a navegación deportiva e de recreo así como o uso de calquera tipo de embarcación ou medio. Agás medios de evacuación de Salvamento.

Artigo 9 .- Publicidade.

1. Está prohibida a publicidade permanente a través de carteis ou vallas, así como polos medios acústicos ou audiovisuais.
2. Poderase permitir, con carácter excepcional, atendendo a criterios municipais de estética e ornato, de acordo co disposto no apartado 1, nos seguinte supostos:
 - a) Rótulos indicadores de establecementos debidamente autorizados, sempre que se coloquen na súa fachada e non supoñan unha redución do campo visual xerado polo volume da edificación ou instalación. Nas mesmas condicións, poderán admitirse rótulos ou carteis doutras marcas expedidas no establecemento.
 - b) Nas vallas cuxa colocación resulte necesaria para a funcionalidade da instalación ou para o desenrolo de actividades.
 - c) Elementos publicitarios dos patrocinadores das actividades lúdicas ou deportivas que estean debidamente autorizadas, sempre que se integren ou acompañen ós elementos autorizados para a súa realización.

Os medios publicitarios usados non poderán implicar unha redución adicional do campo visual, producir ruído nin vibracións, nin romper a harmonía da paisaxe.

Artigo10 .- Vehículos.

1. Prohíbese o estacionamento e circulación non autorizada de vehículos pola praia, agás os vehículos destinados á vixilancia, salvamento, servizos de mantemento e emerxencia.
2. Quen vulnere esta prohibición deberán sacar de inmediato os vehículos do dominio público ocupado, a requirimento verbal dos axentes da Autoridade ou do persoal de Salvamento, sen prexuízo de que se xire parte da denuncia á Administración competente na orde á instrución do oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.
3. A prohibición antes referida non será de aplicación a aqueles vehículos destinados á limpeza, mantemento de praias, servizos de urxencias, seguridade e eventos autorizados.
4. Quedan expresamente autorizados para estacionar e circular pola praia os carriños de discapacitados, así como tamén a utilización na auga do mar e aqueles especialmente deseñados para tal fin, todo elo sen prexuízo das precaucións que deben de adoptar os propios discapacitados e/ou persoas que lles asistan en orde á seguridade do resto de usuarios.
5. O concello adoptará as medidas oportunas para facilitar ás persoas con discapacidade, a utilización das praias e as súas instalacións, en consonancia có establecido na normativa sobre accesibilidade.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Artigo 11.- Campamentos e acampadas.

1. Están prohibidos os campamentos e acampadas na praia.
2. Quen vulneren esta prohibición deberán desaloxar de inmediato, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do Servizo de Salvamento, o dominio público ocupado, sen prexuízo de que xiren parte da denuncia á Administración competente en orden á instrución do oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.

Artigo 12.- Navegación deportiva e de recreo.

1. Nas zonas exclusivas de baño estará prohibida a navegación deportiva e de recreo así como a utilización de calquera tipo de embarcación ou artefactos flotantes, exceptuados os de salvamento.
2. Queda prohibida a práctica de actividades como surf, windsurf, piragüismo, ou similares dentro da zona de baño, que poidan supoñer un risco para os bañistas e usuarios da praia, excepto nas zonas delimitadas expresamente e autorizadas para tales fines. Nestes casos, para acceder ou saír das zonas autorizadas para a práctica do surf ou similares farase pola vertical da zona sinalizada a tal efecto e nunca pola zona de baño.
3. O lanzamento e varada das embarcacións e artefactos haberá de facerse nas zonas destinadas a tal efecto, a velocidade moi reducida.
4. Os tramos de costa que non estean balizados ou sinalizados como zona exclusiva de baño, entenderase que está ocupada por unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias e de 50 metros, no resto da costa. Nestas zonas queda prohibida a navegación exceptuando os extremos das praias onde poderán aproximarse a terra as embarcacións a unha velocidade inferior a 3 nodos, debendo adoptarse as precaucións necesarias para evitar riscos da vida humana e navegación marítima.
5. Quen vulneren estas prohibicións deberán desaloxar de inmediato, a requirimento verbal dos Axentes da Autoridade, o dominio público ocupado, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia á Administración competente na orde á instrución de oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.

Artigo 13.- Pesca

1. Nas zonas de baño e perante as tempadas de baño, prohíbese ás pesca dende embarcación e a submarina.

Na beira, prohíbese a pesca dende ás 10:00 ata 21:00 horas, ambas inclusive, en evitación de danos que os aparellos usados poden causar ó resto de usuarios.

2. Quen vulneren a prohibición anterior deberán cesar de inmediato a actividade prohibida, a requirimento verbal dos Axentes da Autoridade, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia á Administración competente en orde á instrución do oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.
3. Exceptúanse da prohibición do número 1 anterior, as actividades organizadas ou autorizadas polo concello, o que se fará en zonas debidamente balizadas ou sinalizadas.

Artigo 14.-Venta ambulante.

1. Nas praias está prohibida a venta ambulante e as promocións comerciais, ou a prestación de calquera servizo que se atope carente da autorización preceptiva.
2. Os Axentes da Autoridade, ordenarán o cese da actividade e abandono inmediato do lugar.
3. Os Axentes da Autoridade poderán requisar a mercancía aquelas persoas que realicen a venta prohibida no presente precepto e, en todo caso, cesarán a actividade prohibida a requirimento dos mesmos, sen prexuízo de que xiren parte da denuncia en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.
4. Unha vez requisada a mercancía, esta só poderá ser devolta ó infractor cando acredite documentalmente a súa propiedade, no seu caso, unha vez satisfeita a sanción que lle viñera imposta en aplicación da presente Ordenanza.

Capítulo III: Normas hixiénico-sanitarias

Artigo 15.- Normas de carácter hixiénico-sanitarias.

1. Os usuarios terán dereito a ser informados polo concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.
2. A tal fin, o Concello facilitará, a quen o solicite, información actualizada das condicións hixiénico-sanitarias.
3. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoptar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Foz:
 - a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme o establecido na normativa vixente.
 - b) Sinalizará a prohibición de baño, conforme ó establecido na normativa de aplicación, cando así veña establecida pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ou órgano competente, mantendo a mesma ata tanto non se comunique a desaparición de risco sanitario por dita Consellería.
 - c) Adoptará as medidas necesarias para a clausura de zonas de baño, cando así veña acordada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
 - d) O Concello de Foz dará a publicidade necesaria ós informes que elabore a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Artigo 16.- Prohibicións hixiénico-sanitarias.

1. Están prohibidas expresamente as seguintes condutas:
 - A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
 - Lavarse na auga do mar usando xabón, xel, xampú ou calquera outro produto similar, os usuarios que queiran asearse poderán facelo nas duchas e lavapés que o concello dispón nas distintas praias do termo municipal,
 - Dar as duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral, situados nas praias, un uso diferente o que lles é propio; así, sancionarase conforme á presente Ordenanza, ós



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

usuarios que dean outro fin ás mesmas como xogar, limpar utensilios de cociña, lavarse ou ducharse usando xabón, xel , xampú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar etc, sen prexuízo das responsabilidades de outra índole que pidan esixirse polos actos cometidos.

2. Quen vulneren estas prohibicións deberán cesar de inmediato a actividade prohibida, a requirimento verbal do persoal de salvamento e/ou dos Axentes da Autoridade, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Artigo 17.- Residuos.

1. Queda prohibido arroxar á Praia ou na auga do mar calquera tipo de residuos como papeis, restos de comida, latas, botellas, restos de froitos secos, cabichas, etc, así como deixar abandonadas na mesma mobles, carriños, caixas, envases, etc.
2. Ditados vertidos haberá de realizarse nos contedores que a ese efecto se atopan distribuídos pola area da praia ou nas proximidades.
3. Para o uso correcto de ditos colectores haberá que seguir as seguintes normas:
 - a) Non se usarán para o vertido de líquidos, escombros, madeira, etc, así como tampouco para animais mortos.
 - b) Non se depositarán neles materiais en combustión.
 - c) O lixo depositarase no interior do colector, evitando o desbordamento e a acumulación de residuos o seu arredor, polo que no caso de atoparse cheo, haberá de facerse o depósito no contedor máis próximo.
 - d) Unha vez depositado o lixo haberá que pechar a tapa do contedor.
 - e) O lixo, antes de ser depositado no contedor, haberá de dispoñelo nunha bolsa pechada.
4. Prohíbese limpar na area da praia ou na auga do mar utensilios de cociñar ou recipientes que fagan servizo para aportar alimentos ou outros materiais orgánicos.
5. Non obstante o dito, os pescadores poderán facer na praia as súas faenas de limpeza de artes e utensilios así como de mantemento de embarcacións, debendo despois rematar ditas labores, depositar os residuos que se produzan nos contedores que o concello habilita nas zonas de varada para uso exclusivo dos mesmos.
6. Quen vulneren estas prohibicións a requirimento verbal dos Axentes da Autoridade, deberán retirar de inmediato os residuos e proceder o seu depósito informe se establece nesta ordenanza, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Artigo 18.- Fogo ou lume.

1. Queda prohibido prender lume directamente no chan da praia, area, pedras ou rochas.
2. Queda prohibido o uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias, a excepción do combustible usado para prover motores das embarcacións nas zonas

varadas, cuxa manipulación haberá de facela seguindo a máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que as faga.

Capítulo IV: Animais nas praias.

Artigo 19.- Disposicións xerais.

1. O obxecto do presente precepto é previr e controlar as molestias e perigos que os animais poidan causar tanto ós usuarios, como ás instalación e o medio en xeral.
2. O posuidor do animal, sen prexuízo da responsabilidade do propietario, será responsable dos danos e prexuízos que ocasione ás persoas, cousas e o medio en xeral.
3. Considerarase que un animal está abandonado cando careza de identificación oficial, e/ou non vai acompañado de persoa algunha.

En dito suposto o Concello farase cargo do animal actuando conforme o legalmente procedente no caso de animais abandonados.

4. Prohíbese o tránsito e a permanencia de calquera tipo de animal nas praias do concello perante todo o ano, a excepción do período comprendido entre o 15 de outubro e o 15 de maio (ambos inclusive).

Os responsables dos animais, en todo caso deberán respectar as normas contidas no artigo seguinte da ordenanza.

20.- Animais de compañía.

Queda prohibido o acceso ou permanencia de animais nas praias.

Quedan exceptuados desta medida os cans lazarillos ou guía que, acompañen a persoa deficiente visual na forma establecida pola normativa aplicable, quedando esta persoa obrigada á exhibir a documentación do can guía que o acompañe, a solicitude do responsable do lugar público correspondente. Os cans lazarillo ou guía deberán levar visible o distintivo oficial indicativo de tal condición.

Nas praias queda prohibida con carácter xeral a circulación ou permanencia de cans ou outros animais perante a tempada de baños, agás na praia urbana de Tupide.

Ademais nas praias de A Rapadoira e Pampillosa polo anidamento da especie de ave "A Píllara" non se poderá pasear nin levar cans nin outros animais dende o 15 de marzo ata o 15 de xullo, parte deste período xa é tempada de baño.

No obstante, a Alcaldía poderá por Resolución motivada permitir, dentro da tempada de baños, a presenza de cans ou outros animais na praia ou praias que se determinen no Decreto e coas limitacións horarias ou de calquera outro tipo que no mesmo indiquen

Capítulo V: Praias nudistas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Artigo 21.- Praias nudistas.

1. Desígnanse como permitidas para o nudismo a praia de Os Alemáns ou Area Brava
2. O feito de estas praias sexan así designadas, non limita o seu uso a practicantes do nudismo, polo tanto, non prohibe o uso os non practicantes do nudismo.
3. A designación destas praias ten como principal obxecto, advertir a quen puidesen incomodarse ante o naturismo.
4. Prohíbese a práctica do nudismo no resto de praias do concello.

Artigo 22.- Vixilancia e seguridade

1. O concello no exercicio das súas competencias disporá dun servizo de salvamento en praias perante a tempada de baño. Este servizo rexerá pola norma, instrución ou regulamento que, no seu caso, regule o Servizo de Salvamento de Praias deste Concello e no seu caso polo plan de salvamento e socorrismo que estableza a Xunta de Galicia o Administración do Estado.
2. Na zona onde estea situado o posto de salvamento ou preto en lugar visible existirá un mastro no que se colocará por parte do Servizo de Salvamento en praias e perante o período de baño, unha bandeira, a cal determinará as condicións de seguridade de baño, atendendo as seguintes cores:
 - a) Verde: boas condicións para o baño
 - b) Amarelo: baño permitido con precaución.
 - c) Vermello: Prohibición para o baño.
3. No caso de que algún usuario procederá a bañarse coa existencia de bandeira vermella, será chamado polos servizos de salvamento, si os houber, a que salga do mar. Senón acata a orde, poderá ser reclamada a presenza das forzas de seguridade, para que interveñan, e realicen as actuacións e dilixencias para facer cumprir a prohibición de baño.
4. O servizo de Salvamento pode balizar a zona de baño, comprendida entre dúas bandeiras amarelas postas na beira do mar, sempre que a bandeira que ondee non sexa a vermella. Dita zona estea ou non balizada estará sempre vixiada por socorristas e nela está totalmente prohibido calquera dispositivo flotante que poida resultar perigoso.
5. En ningún caso terán a consideración de zona de baño os canais autorizados mediante licenza municipal para práctica de deportes acuáticos. Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá levar a cabo medidas de balizamento nas praias, zonas de baño e canais de acceso, executándose de conformidade coas reservas referidas e atendendo á regulamentación vixente en cada momento.

Artigo 23.- Vestiarios.

1. Na praia de A Rapadoira existen cabinas ou vestiarios os cales teñen uns usuarios na actualidade. A partir do momento que se poña en funcionamento esta ordenanza seguirase o seguinte proceso:
 - a) Crearase unha lista pública, na que se poderán anotar aqueles usuarios que queiran contar cun vestiario. Terán prioridade no primeiro ano de elección os actuais usuarios pero só nesta primeira lista.
 - b) A lista será renovada no primeiro día de xaneiro dos anos pares, entregando as chaves antes do 15 de xaneiro os usuarios saíntes, e deixando todo igual que lles foi entregado.
 - c) No primeiro ano par, seguinte ó da primeira lista publicada, correrase na súa totalidade, non podendo repetir ninguén máis de dous anos seguidos dende que se publique a ordenanza.
 - d) O demandante do vestiario deberá solicitar por escrito a inclusión na lista de espera que será pública para que toda persoa que o desexe poida consultala.
 - e) O aluguer será anual pola cantidade de 10 € mensuais o que deixa a cota anual en 120 €. Os veciños de Foz que estean empadroados terán un 20% de desconto nesta cota. O importe da cota acomodarse cada ano ás variacións que, en máis ou en menos, sufra o Índice Xeral de Prezos ao Consumo que fixe o Instituto Nacional de Estatística. O pago da cota anual pasarase no mes de xuño.
 - f) Reservarase un número de 4 vestiarios para persoas con discapacidade. Se non se presentasen solicitudes, estes vestiarios estarán sometidos ao réxime xeral
2. A limpeza dos vestiarios será a cargo dos usuarios.
3. Calquera dano que se poida causar no vestiario teñen de notificalo os usuarios e repararase a cargo deles, deixándoo da mesma maneira que estaba cando lles foi entregado.

TÍTULO IV.- REXIME SANCIONADOR.

Artigo 24.- Infraccións.

Os Axentes da Policía, así como o Servizo de Salvamento quedan especialmente encargados de velar polo puntual e estrito cumprimento das disposicións contidas na presente Ordenanza.

Os infractores desta ordenanza regularmente serán sancionados con multas que impondrá a Alcaldía, dentro dos límites sinalados na lexislación vixente.

Para a adecuada ordenación da relación de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalación e espazos públicos considerase infraccións conforme á presente ordenanza a vulneración de calquera das prohibicións ou prescricións contidas na mesma.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

As infraccións administrativas por incumprimento das prescricións desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Consideráanse infraccións leves a comisión das seguintes accións:

- a) A realización de actividades como xogos de pelota, palas ou outros exercicios, nas zonas e augas de baño, que poidan molestar o resto de usuarios.
- b) O incumprimento das normas de limpeza por parte do usuario da praia que non se consideren graves no artigo seguinte.
- c) O uso indebido da auga das duchas e lavapés así como, lavarse no mar o una praia usando xabón o calquera outro produto de aseo persoal.
- d) A presenza de animais domésticos na praia que contraveña o establecido na Ordenanza.
- e) A desatención das instrucións do persoal de Salvamento e Socorrismo e, en xeral, o incumprimento dos requirimentos específicos que realice a Administración municipal, os Axentes da Autoridade e o persoal do servizo de Salvamento e Socorrismo, sempre que se produza por primeira vez.
- f) Practicar pesca en lugar ou época non autorizada, salvo que pola normativa específica se regule outro tipo de sanción. Tamén terán a consideración de infracción grave, o uso de fusil submarino ou arpón, ou calquera outro instrumento de pesca que por proximidade poida supoñer un risco para a saúde e seguridade das persoas.
- g) Bañarse fora das zonas de baño.
- h) A evacuación fisiolóxica no mar o una praia.
- i) Colocar cadeiras, bancos ou outros obxectos que dificulten a circulación nos pasos e accesos á praia, así como tombarse ou deterse nas zonas de paso.
- j) Usar a praia para pernoitar, así como facer reunión, festas, práctica de botellón ou actos que supoñan unha alteración da orde pública.
- k) As simples irregularidades na observacións das normas contidas nesta Ordenanza e na lexislación sectorial que non teña transcendencia directa par o medio natural nin para a saúde pública.
- l) As infraccións á Ordenanza cometidas por simple negligencia, sempre que a alteración ou risco para o medio natural ou a saúde pública sexan de escasa entidade.
- m) Aquelas outras que en razón dos criterios empregados no presente artigo, merezan a cualificación de leves, ou que non sexa procedente a súa cualificación como infraccións graves ou moi graves.
- n) O cumprimento das normas contidas nesta ordenanza sobre estancia de animais nas praias.

2. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) Bañarse cando estea izada a bandeira vermella.
- b) Facer lume na praia, así como usar grelladas, bombonas de gas ou outros utensilios para facer lume, sen a autorización correspondente.
- c) O incumprimento das normas de limpeza por parte dos titulares dos servizos de temporada de Praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.

- d) O depósito en papeleiras e similares de materiais en combustión por parte dos usuarios das praias.
- e) Atentar ou causar danos contra o medio ambiente litoral e mariño sen prexuízo da cualificación en materia de infraccións administrativas ou penais que resultarán procedentes en virtude de calquera outra norma legal ou regulamento aplicable.
- f) A práctica de surf, windsurf e outros deportes similares incumprindo as normas desta Ordenanza.
- g) O uso de embarcacións ou motos de auga incumprindo as normas desta ordenanza.
- h) Desatender de forma reiterada as instrucións dadas polos axentes da autoridade polo servizo de Salvamento.
- i) Facer calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar coa preceptiva autorización.
- j) A reincidencia na comisión de tres infraccións leves.

3. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a) O vertido e depósito de materiais que poidan producir contaminación e risco de accidentes ou danos.
- b) As agresións e as ameazas proferidas contra o persoal ó servizo de Salvamento e Socorrismo, sen prexuízo das cualificacións en materia de infraccións administrativas ou penais que resultaran procedentes en virtude de calquera outra norma legal ou regulamentaria aplicable.
- c) As condutas contrarias ó establecido na presente Ordenanza que se realicen de forma consciente e deliberada, sempre que se produza un dano grave.
- d) A reincidencia na comisión de faltas graves nos derradeiros cinco anos.
- e) Aquelas condutas, que en virtude dos criterios empregados neste artigo, merezan a cualificación de moi graves ou que non sexan procedentes a súa cualificación como infraccións leves ou graves.
- f) O abandono de residuos voluminosos, como por exemplo embarcacións, caixas, parasois, hamacas ou outros de similar natureza, sobre a praia.

Artigo 25.- Sancións.

1. As sancións por infracción da presente Ordenanza serán as seguintes:

- a) Infraccións leves: multa dende 50 ata 750 €
- b) Infraccións graves: multa dende 751 ata 1.500 €.
- c) Infraccións moi graves: multa dende 1.501 ata 3.000 €.

2. Para a graduación das sancións e sempre que as disposicións legais non establezan outra cualificación, atenderase á potencialidade de produción efectiva de risco ou perigo para a saúde e seguridade das persoas, o medio ambiente e o entorno, en xeral. Na fixación das multas terase en conta, ademais, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Artigo 26.- Responsables.

1. Serán responsables das infraccións tipificadas na presente Ordenanza as persoas físicas e/ou xurídicas que as cometan.
2. A responsabilidade esixible será non só polos actos ou omisións propios, senón por aquelas persoas, animais ou bens polos que civilmente se deba responder conforme ó dereito civil.
3. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles necesaria, en su caso, reposición da situación alterada polo mesmo o seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados que poderán ser determinados polo órgano competente, debendo, neste caso, comunicarse ó infractor para a súa satisfacción no prazo que o efecto se determine, e quedando, de non facerse así, expedita a vía xudicial correspondente.

Artigo 27.- Procedemento.

1. As denuncias serán formuladas polos Axentes da Autoridade ou polos particulares, e tramitadas no marco da Lei 39/2015 de réxime xurídico das Administracións Públicas, así como das demais disposicións legais que lle resulten de aplicación.
2. Compete a resolución dos expedientes sancionadores que se incoen ó amparo da presente Ordenanza á Alcaldía.

Artigo 28.- Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán os 3 anos, as graves os dous anos e as leves os seis meses.
2. As sancións por infraccións moi graves prescribirán os 3 anos; por infraccións graves os dous anos e por infraccións leves ó ano.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que houberan sido cometidas. No suposto de infraccións de carácter continuado, o prazo comezará a contarse dende o derradeiro día no que houbera sido realizado o feito constitutivo de infracción.
4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que houbera adquirido firmeza en vía administrativa a resolución pola que se houbera imposto sanción.

Artigo 29.- Concorrenza regulamentaria.

Nos supostos que puideran ser contemplados noutras normas previas de carácter regulamentario do Concello de Foz e que estiveran previstos igualmente na presente ordenanza, terán preferencia a aplicación do establecido nesta última, sen prexuízo da aplicación supletoria e complementaria daquelas en calquera aspecto non considerado.

Disposición Transitoria.

1. Completan esta Ordenanza todas as ordenanzas municipais e demais disposicións de rango superior, de aplicación na materia e que se atopen en vigor.

2. A presente Ordenanza entrará en vigor os 15 días hábiles da súa completa publicación no BOP.-

NOTAS:

APROBACIÓN INICIAL: Pleno Ordinario 31/05/2018. Publicada en BOP nº 137 de 16/06/2018.

APROBACIÓN DEFINITIVA: Pleno Ordinario 2/08/2018.

PUBLICACIÓN BOP APROBACIÓN DEFINITIVA: BOP nº 195 de data 25/08/2018.

ENTRADA EN VIGOR ORDENANZA: 15 SETEMBRO 2018.